

## Concello de Oza-Cesuras

### DECRETO DA ALCALDÍA

Vista a providencia desta Alcaldía do 10 de xullo de 2025, pola que se acorda aprobar as bases e se procede a convocar o proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun tractorista que desenvolverá traballos esporádicos de peón de servizos múltiples para a realización de tarefas de mantemento e xardinería.

Resultando que publicado o correspondente anuncio na páxina web do concello, presentouse, en tempo e forma, segundo certificación expedida pola encargada do rexistro xeral municipal, unha única solicitude:

| NOME E APELIDOS        | DNI       |
|------------------------|-----------|
| DANIEL SÁNCHEZ ESTRADA | ***3978** |

Resultando que, de acordo co establecido nas bases que rexen a convocatoria, o único candidato presentado reúne os requisitos esixidos con referencia ao derradeiro día de prazo de presentación de solicitudes para tomar parte no proceso selectivo.

Considerando que, de conformidade co establecido na base 7ª das que rexen a contratación, no suposto de que non se presenten máis solicitudes que número de prazas convocadas, e sempre que os candidatos reúnan os requisitos esixidos, non será precisa a realización do proceso selectivo.

Á vista do anterior, tendo en conta que o número de solicitudes presentadas para tomar parte no proceso selectivo coinciden co número de prazas convocadas, en uso das atribucións que legalmente me corresponden, RESOLVO:

*Primeiro.- Contratar ao único candidato presentado, D. DANIEL SÁNCHEZ ESTRADA, para o posto de tractorista que desenvolverá a xornada completa, dende o día 22 de xullo ó 24 de setembro do ano en curso (65 días) para realizar traballos esporádicos de peón de servizos múltiples para a realización de tarefas de mantemento e xardinería ao abeiro do convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Oza-Cesuras para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais asinado o cinco de maio de 2025 e cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do plan estratégico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023- 2027*



## Concello de Oza-Cesuras

---

*Segundo.-* Comunicar ao seleccionado, mediante chamada telefónica ao número de teléfono que consta no expediente, que deberán presentar nun prazo máximo de 2 días naturais os seguintes documentos:

- a) Certificado de titularidade de conta bancaria.
- b) Copia da tarxeta sanitaria ou número da seguridade social.

*Terceiro.-* Que unha vez presentada a documentación indicada anteriormente, se dea traslado da mesma á Xestoría Administrativa para que proceda a dalo de alta na Seguridade Social e proceda á realización da formalización do correspondente contrato.

Oza-Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica/s

**Dou fe,**

**O ALCALDE**

**O Secretario ,**

**Asdo.- J. Pablo González Cacheiro**

**Asdo.- José C. Sánchez Presedo**

